EXPEDIENTE 2025/G010/000015. PLENO SESIÓN ORDINARIA 13 DE NOVEMBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/16

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 13 de novembro de 2025
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 22.46 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1. EXPEDIENTE 2025/G010/000013. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 11 de setembro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2. EXPEDIENTE 2025/G013/000001. Regulamento de funcionamento do punto limpo do Concello de Touro. Aprobación.

3. EXPEDIENTE 2025/X999/000077. Aprobación facturas subministro de auga potable ano 2023. Convalidación da función da omisión interventora.

4. EXPEDIENTE 2025/T002/000019. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito. Aprobación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

5. EXPEDIENTE 2025/X999/000078. Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) nº 1/2025. Aprobación.

II PARTE DE CONTROL

6 EXPEDIENTE 2025/G006/000329. Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de outubro e o 9 de novembro de 2025. Toma de razón.

7 Mocións.

7.1. Moción do Grupo Municipal Movemento Veciñal de Touro para o proxecto para o desenvolvemento dunha planta de recuperación de metais en Touro.

7.2. Moción para solicitar subvención ao abeiro do programa da Deputación a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural.

8 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000013. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE SETEMBRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

11.09.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 11 de setembro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2. EXPEDIENTE 2025/G013/000001. REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN.

O Sr. alcalde fai un resumo da proposta ditaminada favorablemente pola Comisión de Asuntos Xerais celebrada o 10 de novembro, que se reproduce de xeito literal a proposta de Alcaldía que consta no expediente co seguinte contido:

ANTECEDENTES

Para a posta en funcionamento do Punto Limpo do Concello de Touro resulta necesario a aprobación do Regulamento co obxecto regular as actividades relacionadas co funcionamento do Punto Limpo de residuos sólidos urbanos reciclables

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONOMICAS

PRIMEIRA. Normativa aplicable

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)*
- *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*
- *Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).*

SEGUNDA. Procedemento de aprobación de Ordenanzas e regulamentos.

O artigo 4 da LRBRL, recoñece ás entidades locais as potestades regulamentaria e de autoorganización.

En realidade non existe unha distinción de natureza xurídica entre a Ordenanza e o Regulamento, senón que a diferenza entre ambos os conceptos é puramente terminolóxica.

Así, fálase de Ordenanzas cando se trata de disposicións que regulan condutas ou relacións entre as entidades locais e os cidadáns, e de Regulamentos cando son disposicións de organización dos servizos internos das entidades locais. Por tanto, mentres que a Ordenanza dispón determinadas obrigacións á xeneralidade da veciñanza e ás persoas que transitoriamente se atopen no seu ámbito territorial de aplicación, o Regulamento regula servizos de réxime interior.

De conformidade cos Art. 49 e 70.2 da LRBRL, o procedemento para a elaboración e aprobación das Ordenanzas e Regulamentos locais efectúase conforme a seguinte tramitación:

1. O procedemento iníciase de oficio, ben por acordo da Corporación ou por resolución do Presidente –Alcalde, Presidente da Deputación ou da entidade local de que se trate–.

2. O Pleno da Corporación aproba inicialmente o expediente.

3. Posteriormente será sometido a información pública e audiencia dos interesados durante o prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

4. Resoltas, no seu caso, todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo, será aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación.

5. Por último, publicarase no Boletín Oficial da Provincia o texto completo do Regulamento.

TERCEIRA. Referencia ao trámite de participación cidadá na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Conforme coa sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio (BOE do 22 de xuño), os artigos 132 e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, relativos á "planificación normativa" e "participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei", respectivamente, foron declarados contrarios ao orde constitucional. En consecuencia, os concellos non terán que abordar os ditos trámites.

CUARTA. Entrada en vigor e vixencia.

A aprobación ou modificación dun regulamento non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Lei 7/1985, do 2 de abril (artigo 70.2 da mesma norma)

A vixencia das ordenanzas e regulamentos municipais é indefinida e se manteñen en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

QUINTA. Contido material da aprobación do regulamento proposto.

Ten por obxecto establecer o réxime de funcionamento do Punto Limpo do Concello de Touro.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do Punto Limpo do Concello de Touro, cuxo texto íntegro figura como anexo.*

SEGUNDO*. Iniciar un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

TERCEIRO. *Elevar a definitivo o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.*

CUARTO. *Facultar o alcalde do concello para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DE TOURO

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1. Definición

O Punto Limpo é unha instalación onde se reciben, previamente seleccionados, certos tipos de residuos domésticos, que pola súa natureza non son obxecto habitual do servizo ordinario de recollida de residuos urbanos. Constitúe, por tanto, un sistema de recollida selectiva, sendo un centro de recepción, de almacenaxe e de selección de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria nin domiciliaria.

Non se trata dun vertedoiro, senón dun lugar onde se almacenan temporalmente os residuos, para ser posteriormente trasladados a outros lugares a través de transportistas e xestores autorizados.

As características do Punto Limpo de Touro son as seguintes:

· Atópase localizado nas proximidades do núcleo urbano con boas posibilidades de comunicación e de fácil acceso para vehículos particulares e camións. Conta con abastecemento de auga, de enerxía eléctrica, de saneamento, de recollida de augas pluviais, de protección contra incendios, rede de telecomunicacións, deguridade e vixianza.

· O punto limpo fixo de Touro conta con dúas plataformas a distinto nivel, unha delas elevada a 1,50 m, de xeito que se facilita a vertedura nos contedores sitos no nivel inferior e se separe a zona de descarga dos vehículos particulares da zona de carga e retirada de contedores.

A plataforma elevada será empregada polas persoas usuarias para a descarga dos residuos, accedéndose a ela por unha rampla. Ademais, no nivel superior emprazaranse os contedores de recollida selectiva de residuos.

Na zona inferior localízanse tres pequenas edificacións: a oficina, a caseta para os RAEES (residuos de aparatos eléctricos e electrónicos) e o almacén de residuos especiais de escaso volume e líquidos, e os contedores de maior volume para a recollida de residuos.

Na fronte do recinto disponse de dous accesos, o norte para os vehículos das persoas usuarias e o sur para os camións de recollida de contedores.

Artigo 2. Obxectivos

O sistema de recollida a través do Punto Limpo responde a varios obxectivos:

- O obxectivo fundamental é servir á cidadanía como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario, favorecendo deste xeito as taxas de reciclaxe dos respectivos municipios.

- Evitar a vertedura incontrolada dos residuos de grande tamaño (entullos e residuos voluminosos como mobles ou electrodomésticos) que non poden ser xestionados por medio dos servizos convencionais de recollida de lixo.

- Evitar o verquido de escombros e outros no medio natu ral, rural e urbano do termo municipal de Touro.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Aproveitar aqueles materiais contidos nos residuos urbanos que poden ser reciclados directamente, e conseguir con iso un aforro en materias primas e de enerxía, así como unha cantidade de residuos que é necesario tratar e/ou eliminar.

- Separar os residuos perigosos que se xeran nos fogares, cuxa eliminación conxunta co resto do lixo urbano ou mediante a vertedura á rede de saneamento supón un risco para os operarios destes servizos, pode danar as instalacións de tratamento ou eliminación e contribúe á contaminación do medio ambiente.

- Crear unha conciencia de selección e de recuperación dos nosos propios residuos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O Punto Limpo do Concello de Touro sitúase na parcela con referencia catastral: 15086A516007020000UA no lugar de A Santalla (Touro). Os preceptos do presente regulamento son de aplicación ao Punto Limpo, ás súas instalacións, elementos e mobiliario.

Artigo 4. Servizos que presta o Punto Limpo

Os servizos e medios do Punto Limpo son os que a continuación se citan:

· Clasificar os residuos e recibir residuos previamente clasificados pola persoa usuaria, para o seu posterior transporte aos lugares axeitados para tratalos.

· Informar ás persoas usuarias sobre a actividade do Punto Limpo: residuos aceptados, cantidades, horarios…

· Controlar os residuos que se depositan.

· Elaborar estatísticas sobre o uso das instalacións.

· Manter e xestionar as instalacións pertencentes ao Punto Limpo.

Artigo 5. Residuos admisibles e non admisibles

Establécense estes termos co obxecto de facilitar un mellor coñecemento do que é o Punto Limpo, mais debe terse sempre presente que o seu obxectivo é proporcionar un servizo aos domicilios e aos pequenos xeradores destes residuos, e en ningún caso ás actividades industriais. Para o adecuado funcionamento do Punto Limpo será necesaria unha admisión correcta dos residuos, de forma que non se produza unha almacenaxe de residuos non aceptados no Punto Limpo. Todos os residuos que non se especifiquen como admisibles neste regulamento serán rexeitados e será obriga da persoa usuaria a súa xestión. A persoa operaria poderá non aceptar a recollida dun residuo cando este non sexa considerado admisible polos servizos técnicos municipais.

Estas restricións establécense debido a que o Punto Limpo é para uso exclusivo da cidadanía e non é apto para os usos das industrias nin grandes xeradores de residuos.

Os residuos deben estar perfectamente separados, nunca mesturados. Non se poderá depositar residuos considerados perigosos como os procedentes dos hospitais, nin animais mortos ou obxectos non identificados.

Serán residuos admisibles no Punto Limpo os sinalados a continuación:

Residuos admisibles no Punto Limpo:		***Cantidade máxima por persoa usuaria***
COMÚNS	*- vidro (iglú)* *- papel (iglú)* *- cartón (iglú)* *- bricks, latas e envases* *- madeira* *- metais (aluminio, ferro, cobre, bronce, aceiro inoxidable etc)*	*Sen límite*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	- plásticos *- téxtil*	
VOLUMINOSOS	*- electrodomésticos* *- enseres, mobles, colchóns, somieres, caixas, portas, marcos etc* *- escombros de pequenas reparacións no fogar.* *- neumáticos*	*6 cada clase/ano/domicilio* *4 por ano e domicilio* *150 Kg/mes/domicilio* *10 por vivenda ao ano*
TÓXICOS E PERIGOSOS	*- aceites vexetais de cociña e aceites minerais* *- baterías de automóvil* *- disolventes* *- pilas* *- sprays/aerosois* *- radiografías* *- fluorescentes* *- pinturas.*	*Sen límite*

Serán residuos non admisibles no Punto Limpo os sinalados a continuación:

Residuos non admisibles no Punto Limpo
Materiais sen clasificar
Materia orgánica
Residuos infecciosos, clínicos, biosanitarios ou citotóxicos
Residuos radioactivos (Pararraios...)
Residuos industriais de grandes e medianas empresas: as grandes e medianas empresas xa teñen establecido un sistema correcto de xestión dos residuos que producen.
Residuos agrícolas ou gandeiros (agás os plásticos agrícolas nos termos establecidos neste regulamento)
Animais mortos ou restos biolóxicos
Residuos xerados por actividades mineiras ou extractivas
Produtos procedentes de comisos
Medicamentos ou os seus envases
Recipientes voluminosos metálicos ou plásticos de aproximadamente 25 litros ou superiores que contivesen produtos tóxicos ou perigosos
Materiais explosivos ou inflamables
Calquera outro residuo que non sexa facilmente identificable e clasificable na categoría de admisible

Artigo 6. Forma de presentación dos residuos

Para a recollida dos residuos anteriormente mencionados, estes deberán entregarse de acordo ás seguintes normas de presentación:

– Fluorescentes e lámpadas: deberán acondicionarse de tal forma que se evite a súa rotura e poida ocasionar riscos de seguranza para as persoas encargadas da manipulación dos residuos e ao medio ambiente.

– Pilas: deberán separarse os diferentes tipos de pilas, ben sexan de botón, salinas ou alcalinas.

– Terras e cascallos: debido á natureza destes residuos, deberán presentarse en sacos ou bolsas pechados de 25 quilos como máximo.

– Aceites vexetais: presentaranse en garrafas ou botellas de plástico e tomándose as medidas necesarias para evitar derramos, sobre todo en caso de transvasamentos. En caso ningún poderanse mesturar con aceite de maquinaria, motores de vehículos ou outro de natureza mineral.

– Baterías: deberán levar pechados os depósitos que conteñen os ácidos para evitar o seu vertido e o risco de queimaduras dos operarios.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

– Plásticos agrícolas: presentaranse libres de restos orgánicos e debidamente pregados para reducir o seu volume.

– Disolventes, pinturas e vernices: prohíbese a mestura de substancias e evitarase o seu vertido, sobre todo no caso de transvasamentos de recipientes.

– Frigoríficos e electrodomésticos con CFC: entregaranse sen que se produza a quebradura do circuíto de refrixeración.

– Xardinería: o céspede e pequenas podas deberán presentarse en sacos ou bolsas pechados de 25 quilos como máximo.

– Madeira e ferralla: procurarase, na medida do posible, compactar ao máximo o seu volume, de xeito que ocupen o menor espazo posible.

Artigo 7. Persoas usuarias do punto limpo

Considéranse persoas usuarias do servizo as persoas residentes ou que desenvolvan unha actividade no Concello de Touro e fagan uso dalgún dos servizos contemplados neste Regulamento de conformidade co establecido nel.

Terán a condición de residentes aos efectos deste regulamento: os empadroados, os titulares catastrais de natureza urbana e os arrendatarios.

O Punto Limpo estará ao dispor de todas as persoas usuarias que acheguen os residuos admitidos por este Regulamento, nas cantidades máximas e nas condicións indicadas neste.

Os residuos que procedan da actividade industrial deben ser entregados polos produtores directamente ás empresas xestoras autorizadas.

As persoas usuarias terán, con carácter xeral, as seguintes obrigas:

– Poñer os residuos a disposición do Concello, debidamente separados nas fraccións que se indican no presente Regulamento e nas condicións que se establecen en cada unha.

– Utilizar os colectores que, en cada caso, se determine de conformidade coa normativa legal vixente e o presente Regulamento.

– Os residuos deixaranse ordenados de maneira que se minimice o seu volume.

– Prohíbese terminantemente deixar residuos fóra dos lugares debidamente habilitados para isto.

– Queda terminantemente prohibido fumar nas instalacións do Punto Limpo.

Artigo 8. Proceso de aceptación dos residuos

8.1. Para que o servizo que se presta no punto limpo sexa o axeitado, as persoas usuarias deberán achegar os residuos previamente separados.

8.2. Cando a persoa usuaria chegue ao centro deberá identificarse mediante a presentación do D.N.I. ao encargado e demais documentación que, de proceder, o identifiquen como persoa usuaria nos termos deste regulamento, debendo declarar o contido do que pretende entregar.

8.3. O encargado comprobará a identidade da persoa e avaliará os residuos que se pretenden depositar, facendo as inspeccións que considere oportunas sobre a natureza dos mesmos e a súa presentación, podendo denegar o servizo polos motivos seguintes:

• Por tratarse de residuos non admisibles no punto limpo.

• Por non ter o solicitante a condición de persoa usuaria (por exemplo, tratarse de actividades industriais).

• Por non presentarse os mesmos axeitadamente.

• Por teren un volume incompatible coa capacidade do punto limpo.

• Por exceder das cantidades por persoa usuaria indicadas no presente Regulamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

• Por calquera outra razón que figure no presente Regulamento ou resultase incompatible co bo funcionamento do servizo, previa xustificación razoada.

8.4. A persoa encargada informará ás persoas usuarias sobre a forma de realizar o depósito de cada un dos residuos e a localización dos diferentes colectores, controlando que o depósito sexa realizado de xeito correcto, evitando a caída dos residuos fóra dos colectores habilitados e retirando calquera material que dificulte o tránsito de vehículos e o depósito dos residuos.

8.5. Antes de que os colectores estean cheos, a persoa encargada dará aviso aos xestores ou transportistas designados para a retirada ou traslado dos residuos ás diferentes instalacións de reciclaxe ou centros de eliminación, en tanto non existan instalacións para a súa reciclaxe.

8.6. Os transportistas que realicen os portes dos residuos deberán seguir as indicacións da persoa operaria do centro, que supervisará os seus labores e recibirá un certificado de que realizaron a recollida dos diferentes residuos e que teñen a licenza para realizar ese traballo.

8.7. Os residuos depositados no Punto Limpo pasarán a ser propiedade do Concello.

8.8. O tempo máximo de almacenamento dos residuos, segundo establece a normativa vixente (Lei 22/2011 de residuos e solos contaminados), será de 2 anos para os residuos non perigosos e 6 meses para os residuos perigosos.

Artigo 9. Rexistro e documentación obrante no punto limpo

Crearase un rexistro de entrada e saída no Punto Limpo.

O rexistro de entrada estará composto de fichas persoais que se cubrirán cada vez que unha persoa usuaria realice un depósito no Punto Limpo. Cada ficha será para cada persoa e para cada residuo. Así unha persoa que deposite dous residuos distintos cubrirá dúas fichas de depósito.

Para comprobar a reiteración na utilización do punto limpo e poder determinar o seu uso, requirirase o D.N.I. das persoas usuarias, deixando constancia dos seus datos no libro rexistro.

Para a xustificación da condición de persoa usuaria do punto limpo deberase exhibir o DNI e, de proceder, certificado de empadronamento, documentación acreditativa da titularidade catastral ou contrato de aluguer.

Deberanse cubrir os datos persoais da persoa usuaria, os datos referentes ao residuo e as cantidades entregadas, e a/o operaria/o do Punto Limpo asinará cada ficha de recollida.

Ademais, levarase un rexistro de saída co obxecto de ter información dos movementos e destino dos residuos do punto limpo. Neste caso anotarase en cada ficha, alo menos, datos referentes aos residuos e as cantidades que saen do punto limpo e o seu destino.

Dos datos consignados no citado libro darase conta regularmente ao Concello e as outras Administracións con competencias na materia.

As informacións contidas no mencionado libro de rexistro quedarán sometidas ás normas xerais de protección de datos, sen que poidan ser utilizadas para outros fins que os propios do servizo

No punto limpo atoparase, a maiores do libro rexistro sinalado, a seguinte documentación:

• Copia do presente Regulamento, a disposición de todas as persoas usuarias que o demandaren.

• Rexistro de incidencias e información, de carácter anual, que permanecerá en posesión do xestor durante, cando menos, os catro anos seguintes, e recollerá a seguinte información: número de visitas diarias, tipo de residuos achegados por visita, cantidade de cada tipo de residuo, incidencias, xestor autorizado a quen se lle entrega cada residuo, xustificante das ditas entregas, cantidade de cada entrega, documentación dos transportes.

• Libro de reclamacións e suxestións.

Artigo 10. Horario do punto limpo

O Punto Limpo cubrirá un servizo de recollida conforme a un horario prefixado que se porá en coñecemento de todas as persoas usuarias polos medios oportunos.

Nos carteis ou paneis indicadores reflectirase de forma clara o horario de apertura e peche.

Artigo 11. Destino final dos residuos

O destino final dos residuos admitidos polo Punto Limpo será xestionado polo Concello segundo indique a lexislación vixente e da forma máis axeitada dependendo da natureza dos residuos. O

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

destino final dos residuos poderá ser modificado polo Concello sempre que con iso se melloraren as condicións de reciclaxe e/ou de tratamento.

O Concello poderá autorizar discrecionalmente a retirada de material do Punto Limpo, sometendo a autorización ás condicións que estime oportunas. O Concello non garante a seguranza nin a salubridade do produto retirado así como a súa idoneidade para o uso desexado, polo que se exime de calquera responsabilidade que puidese xerarse.

Os residuos cederanse a un xestor autorizado, logo do documento de aceptación deles. O transporte dos residuos realizarase por un transportista autorizado e inscrito no rexistro de transportistas de residuos correspondente.

Artigo 12. De protección do Punto Limpo

O uso indebido das instalacións, os actos que causen danos ás infraestruturas, ao mobiliario e ás instalacións e o abandono de residuos na entrada do Punto Limpo sancionaranse de acordo coa lexislación vixente en materia de residuos e de protección dos bens municipais, sen prexuízo da aplicación do título II da presente regulamento. Ademais, os custos de reparación ou de reposición das instalacións ao seu primitivo estado, que puidesen ser necesarios correrán a cargo do infractor.

Artigo 13. Dereitos e obrigas das persoas usuarias do punto limpo.

13.1. As persoas usuarias terán dereito a:

• Facer uso do servizo e depositar os residuos permitidos de xeito separado e nas condicións e cantidades máximas permitidas por este Regulamento.

• Ser informadas do funcionamento xeral das instalacións e coñecer o destino final dos residuos que deposite.

• Presentar reclamacións e formular suxestións.

• Os demais que se deriven do presente Regulamento.

13.2. As persoas usuarias terán as obrigas seguintes:

• Identificarse a instancia do persoal do punto limpo para os efectos de control do tipo e cantidade máxima dos residuos depositados permitidos.

• Informar ao persoal do punto limpo do tipo e cantidade dos residuos que pretende depositar.

• Non depositar residuos fóra do horario establecido nin en lugares distintos aos sinalados para o seu depósito.

• Atender as indicacións do persoal do punto limpo.

• As demais que se recollen no presente Regulamento.

13.3. A persoa encargada do punto limpo prohibirá:

• A entrega de residuos non procedentes de domicilios particulares, salvo nos casos permitidos por este Regulamento.

• O depósito de residuos non permitidos.

• O depósito de residuos diferentes mesturados.

• O depósito fóra dos colectores específicos.

• O depósito en cantidades superiores ás admisibles.

• Ocultar residuos de carácter perigosos dentro de bolsas ou sacos.

• O abandono de residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

• Calquera tipo de incineración de residuos dentro do punto limpo.

• Fumar dentro das instalacións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TÍTULO II.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.

Artigo 14. Infraccións

Calquera incumprimento das normas do presente regulamento considerarase unha infracción que se tipificarán de acordo coa natureza do acto en moi graves, graves e leves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

a) Depositar calquera tipo de residuos que non se encontre establecido na presente ordenanza.

b) Depositar mesturados os diferentes residuos.

c) Depositar residuos fora do contedor específico.

d) Calquera incumprimento das disposicións deste regulamento que non estea cualificado como grave ou moi grave, e en especial as desobediencias ás instrucións do persoal encargado do punto limpo.

2.- Consideraranse infraccións graves:

a) Ocultar e depositar residuos de carácter perigoso dentro de bolsas ou sacos.

b) Abandonar residuos de calquera tipo na porta das instalacións.

c) A reincidencia na comisión de dúas faltas leves.

3.- Consideraranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia na comisión de dúas faltas graves.

Artigo 15. Sancións

As infraccións previstas neste regulamento serán sancionadas de acordo coa súa gravidade:

a) Infraccións leves: con apercibimento e/ou multa de 100 a 500 euros.

b) Infraccións graves: con multa de 500,01 a 750 euros.

c) Infraccións moi graves: con multa de 750,01 a 1.500 euros.

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impoña, o infractor estará obrigado á restitución das cousas e á reposición ó seu estado anterior, coa indemnización de danos irreparables e perdas causadas no prazo que en cada caso se fixe na resolución correspondente. Poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e á súa costa.

En todo caso a restitución comporta a obriga de lle devolver á Administración a totalidade do beneficio ilicitamente obtido.

Artigo 16. Gradación das sancións

As sancións deberán gardar proporcionalidade coa gravidade dos feitos constitutivos da infracción e atendendo ós seguintes criterios:

a) Neglixencia e intencionalidade do suxeito infractor

b) O incumprimento das advertencias previas da administración

c) O prexuízo causado e o beneficio obtido coa actividade infractora

d) A natureza do residuo

e) A reiteración ou reincidencia

f) O perigo para a saúde e integridade das persoas, animais ou bens.

A efectos da presente ordenanza, entenderase como reiteración a comisión de máis dunha infracción de distinta natureza no prazo dun ano desde a comisión da primeira cando así fose declarado por resolución que poña fin á vía administrativa.

Entenderase por reincidencia a comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no prazo de dous anos desde a comisión da primeira cando así fose declarado por resolución que poña fin á vía administrativa.

Artigo 17. Prescricións.

17.1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos. As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as sancións impostas por faltas graves aos dous anos e as sancións impostas por faltas moi graves aos tres anos.

17.2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

17.3. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

Artigo 18. Procedemento sancionador

O procedemento sancionador será o regulado pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A sanción das infraccións administrativas previstas no presente regulamento correspóndelle ó Alcalde.

Disposición adicional

A promulgación futura de normas con rango superior ó presente regulamento que afectaren ás materias reguladas determinará que se apliquen automaticamente aquelas e que se adapte posteriormente o regulamento no que fora preciso.

Disposición derradeira

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorrera o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación.

Non obstante, a súa efectiva aplicación está supeditada á entrada en funcionamento do Punto Limpo do Concello de Touro.

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde manifesta que no momento da posta do Punto Limpo farase unha campaña divulgativa ao respecto, di que o outro día foi entregado o Punto Limpo Móbil e a intención é poñelos en marcha simultaneamente, para a posta en marcha estase pendentes dunha autorización da Consellería de Medio Ambiente e en canto dispoñamos de xestionarase a contratación da empresa xestora e a posta en funcionamento do punto limpo. O regulamento é o equivalente ao existente nos concellos da contorna.

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación da proposta de aprobación do Regulamento de funcionamento do Punto Limpo do Concello de Touro, que resultou aprobado pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, o Concelleiro do PG, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2025/X999/000077. APROBACIÓN FACTURAS SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE ANO 2023. CONVALIDACIÓN DA FUNCIÓN DA OMISIÓN INTERVENTORA.

Por parte da secretaría-intervención procedeuse a explicación da proposta derivada de facturas de subministro de auga do ano 2023 facturadas no ano 2024 sobre as que non se seguiu o procedemento de contratación legalmente establecido derivado tam´n do descoñecemento do volume de auga necesario, sobre as que había dúbidas de quen fixera esas peticións á empresa, se fora a concesionaria ou o propio Concello, de feito o ano pasado quedaron na conta 413, facturas sen crédito, e que teñen que ser resoltas. Consta un informe do Sr. alcalde onde se acredita a prestación deses subministros e como non había crédito non se seguira o procedemento legalmente establecido, requírese que o Pleno convalide esas facturas para poder pagalas o que conleva aparalledo a necesidade de xerar crédito e un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos xa que non son gastos do presente exercicio. Iste é o resumo dende o punto de vista técnico.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

ANTECEDENTES

1.- Providencia de alcaldía de 22 de outubro de 2025 iniciando o expediente e solicitando informe de secretaría-intervención sobre o procedemento a seguir para a aprobación das facturas relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.

2.- Informe de secretaría-intervención de 23 de outubro de 2025, solicitando informe xustificativo do órgano xestor do expediente para a tramitación do procedemento de resolución da omisión da función interventora.

3.- Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado pola Alcaldía o día 24 de outubro de 2025 ue establece o seguinte:

Quen suscribe o presente informe considera que é o Concello o que ten que poñer a disposición da concesionaria a auga suficiente a subministrar e como a concesionaria é a coñecedora das necesidades e motivado pola urxencia e ante situacións imprevistas a que solicitou a empresa Trastambre, S.L. o subministro de cisternas de auga, tendo coñecemento o Concello a través da información remitida pola concesionaria, modus operandi realizado nos anos anteriores.

Trátase de situacións imprevisibles, polo que non se está en disposición no intre en que se fan as peticións de subministro de auga a través de cisternas de auga, de saber se o importe dos subministros no seu conxunto supera os umbrais do contrato menor, ademais de que non é posible licitar o subministro, xa que o restablecemento dun servizo como abastecemento de auga debe ser inmediato, e cando se resolvese a licitación, esta carecería de operatividade.

O subministro realizouse, polo que esta Alcaldía presta conformidade as citadas facturas xa que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado en base aos informe referido da concesionaria de 20 de xuño de 2024; sendo realizada pola empresa Trastambre, S.L. xa que esta cumpre con todas as garantías para realizar o subministro de xeito rápido e nas condicións hixiénico sanitarias que esixe a lexislación.

De acordo co exposto, emítese este informe coas seguintes:

CONCLUSIÓNS

En virtude do anteriormente exposto, esta alcaldía considera que as prestacións se realizaron efectivamente, por orde desta administración actuando a empresa Trastambre, S.L. de boa fe. Asemade o informe emitido pola concesionaria Espina y Delfín, S.L. permite verificar a necesidade, volume, oportunidade e condicións do subministro, polo que procede a continuidade do procedemento para que se poida proceder ao recoñecemento das obrigacións correspondentes por parte do órgano competente, así como aqueloutras actuacións que considere oportunas.

4.- Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 27 de outubro de 2025, co contido previsto no art. 28 do RD 424/2017, onde se recollen as seguintes conclusión de xeito textual:

PRIMEIRA. *Detectadas as infraccións do ordenamento xurídico, ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora, que de acordo co artigo 47 da Lei 39/2015, cualifican o acto como nulo por omitir trámites ou requisitos esenciais, procede elevar o expediente ao Pleno do Concello para que adopte a decisión que estime adecuada de convalidación ou non da omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións que, no seu caso, procedan, para que, se corresponde, poida aprobar os gastos derivados da subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023, por importe total de 92.331,73 €.*

SEGUNDA. *De conformidade co artigo 216.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan suspendidas na súa tramitación, o recoñecemento da obrigación das facturas anteriormente mencionadas, ata que sexa liquidado o reparo fundamentado en:*

a) Insuficiencia de crédito

c) Na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

Polo referido anteriormente, obsérvase a omisión da función interventora polo que se pon de manifesto ante o alcalde e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, a fin de que, unindo este informe ás actuacións, o Presidente da Entidade Local someta ao Pleno da Corporación se continúa co procedemento e demais actuacións que no seu caso, procedan.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TERCEIRO. *De acordo, co Informe do Tribunal de Contas nº 1415, de fiscalización dos expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais no ano 2018, o recoñecemento extraxudicial de crédito (REC) configúrase como un procedemento extraordinario para a imputación ao orzamento de obrigacións derivadas de compromisos de gasto que, independientemente do exercicio de orixe, se comprometeran indebidamente, dando lugar a un suposto de nulidade de pleno dereito, declarándose, ou non, a nulidade do acto.*

A aprobación do REC en ningún caso corrixe os defectos do expediente, xa que a súa finalidade é unicamente a imputación no orzamento corrente das obrigas derivadas de gastos indebidamente comprometidos, sen prexuízo de que deban esixirse as correspondentes responsabilidades por realizarse gastos sen consignación orzamentaria e/ou sen cobertura contractual.

Calquera REC debe estar vinculado á resolución dun procedemento de omisión da función interventora ou ben ao resultado do procedemento de revisión de oficio. O órgano competente para aprobalo será o Pleno da Corporación.

Con carácter previo á tramitación do REC, terase que resolver a omisión da función interventora *nos termos establecidos no artigo 28 do RD 424/2017, a fin de que, unha vez emitido o informe preceptivo da intervención, o Pleno da Corporación decida se continúa ou non o procedemento e demais actuacións que, no seu caso, procedan.*

CUARTA. *O expediente de omisión da función interventora, conterá polo menos os seguintes puntos:*

a) Un informe subscrito polo xestor no que, como mínimo, conste:

- A descripción detallada do gasto, con inclusión de todos os datos necesarios para a súa identificación, facendo constar, como mínimo, o obxecto do gasto, o importe, a natureza xurídica e a data de realización.

- A aplicación presupuestaria que se propón imputar o gasto.

- A xustificación da necesidade de promover o gasto efectuado e a súa idoneidade para a finalidade perseguida.

- As causas polas que se incumpriu o procedemento establecido con omisión da función interventora.

b) Un informe da secretaría ou, no su caso, dos servizos xurídicos, valorando a procedencia da revisión do actos ditados, agás que esta resulte contraria á equidade, á boa fe, ao dereito do particulares ou ás leis, según determina o artigo 110 da Lei 39/2015.

Recoméndase por esta intervención a regulación nas bases de execución do orzamento da tramitación dos REC para gastos indebidamente comprometidos seguindo as instrucións dadas polo Tribunal de Contas.

Detéctanse infraccións do ordenamento xurídico, ademais da propia omisión do trámite preceptivo de función interventora, que, de acordo co artigo 47 da Lei 39/2015, poden cualificar o acto como nulo, aínda así, non procede instar a revisión de oficio,dado que segundo o informe xustificativo do órgano xestor obrante no expediente se realizaron as prestacións, os importes facturados son axustados a mercado, polo que resultaría contraria á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis de acordo co artigo 110 da Lei 39/2015.

Faise constar que, de acordo co artigo 28.d da Lei 19/2013, a omisión do trámite de intervención previa de gastos, obrigas ou pagos constitúe, sempre que a conduta sexa culpable, unha infracción administrativa moi grave en materia de xestión económica orzamentaria que pode levar a esixencia de responsabilidades.

Este informe incluirase na relación establecida nos apartados 6 e 7 do artigo 15 do RD 424/2017.

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local.

- Artigos 216 a 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004).

CONSIDERACIÓNS:

Primeira. *Respecto da competencia, o artigo 28 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril establece*

"Se o órgano interventor ao coñecer dun expediente observase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, a fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir se continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos en que a omisión da fiscalización previa se refira ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa do Pleno, o presidente da entidade local deberá someter á decisión do Pleno se continúa o procedemento e as demais actuacións que, de ser o caso, procedan."

Se ben a competencia para a aprobación de facturas corresponde ao Alcalde, no presente caso hai que ter en conta o establecido no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece:

1. Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Se basen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

2. Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo ao provedor é o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o subministro foi efectivamente realizado, subminsitro que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos administrativos.

3. Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Polo exposto e de conformidade co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, no Texto Refundido da Ley de Facendas Locais e de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, propoño ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións e recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, tendo en conta o contido referido no informe de Alcaldía de 23 de outubro de 2025, por importe total de 92.331,73 €, relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.*

Nº DE FACTURA	***DATA DE FACTURA***	***DATA E Nº DE REXISTRO***	***CONCEPTO***	***IMPORTE***
2023/2325	*13.08.2024*	*13/08/2024 REGAGE 24e00060903381*	*Subministro m3 auga potable agosto*	*6.320,89 €*
2023/2326	*13.08.2024*	*13/08/2024 REGAGE 24e00060903529*	*Subministro m3 auga potable, aluguer bombas e mangueiras agosto*	*55.601,01 €*
		13/08/2024	*Subministro m3 auga potable,*	

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2023/2582	*13.08.2024*	*REGAGE 24e00060907123*	*aluguer bombas e mangueiras setembro*	*24.567,54 €*
2023/2583	*13.08.2024*	*13/08/2024 REGAGE 24e00061029843*	*Subministro m3 auga potable setembro*	*2.796,65 €*
2023/2976	*13.08.2024*	*13/08/2024 REGAGE 24e00061030283*	*Subministro m3 auga potable aluguer bombas e mangueiras outubro*	*2.758,80 €*
2023/2977	*13.08.2024*	*13/08/2024 REGAGE 24e00060909477*	*Subministro m3 auga potable outubro*	*286,84 €*

SEGUNDO. Continuar co procedemento e co resto de actuacións que, se é necesario, procedan, para que se poida aprobar o recoñecemento das obrigacións correspondentes mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos (REC).

INTERVENCIÓNS

O Voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Castro Rocamonde, di que votaron en contra do levantamento do reparo, xa que non hai expediente administrativo deste asunto e non consta encargo do servizo xa que o fixo á empresa concesionaria. Temos un informe que se encargou sendo eu alcalde á Asesoría Xurídica da Deputación de 2 de xuño de 2025 que en esencia está recollido no informe xustificativo da alcaldía de agora que di "*la responsabilidad del coste generado por la necesidad de suministrar agua con camiones diferirá en función del hecho que la ocasione, por lo que, antes de analizar cualquier otra cuestión, es preciso determinar la causa objetiva que provoca dicha situación".* A día de hoxe non temos un dato obxectivo de cal foi a causa que derivou na necesidade das cisternas de auga, non me consta antes como alcalde nin agora como concelleiro en ningún caso a deficiencia de auga no río Lañas, polo que se había recurso, se se debeu a avarías, mala xestión do recurso por parte da concesionaria segundo o informe ao que fixen referencia ese gasto corresponderíalle á concesionaria. O propio informe da alcaldía é contraditorio por un lado di que era unha necesidade recorrente igual á existente nos anos anteriores e seguindo o mesmo procedemento e no parágrafo seguinte di que son imprevisibles. Por último resulta curioso que no informe do alcalde actual diga que as prestación se levaron a cabo efectivamente e que o prezo se axusta a prezo de mercado en base ao informe da concesionaria, como sempre manifestei non houbo ningún tipo de control por parte do Concello en que xeito se prestou o servizo e nesas cantidades. Polo que imos votar en contra do reparo e da convalidación das facturas.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao, di que imos votar o que se debeu facer en agosto de 2023, a evidencia é que a auga se trouxo e se pides un servizo e se presta non queda máis remedio que pagar. Todo o demais me parece seguir liando algo que debería estar resolto, o BNG vai votar a favor salvo que queiramos que a empresa nos leve a xuízo e haxa que pagar as facturas, máis os intereses e as costas. A mellor conclusión sería aprender do sucedido.

O Sr. alcalde di que en relación á intervención do voceiro de Movemento Veciñal, sendo alcalde nese momento e encargando a auga que no fixese pero beneficiándose o Concello dunha carencia, que vostede diga que non se seguiu o procedemento, de ter que facelo debería ser vostede, non cero que a empresa por libre se adique a facer encargos de auga para satisfacer caprichos da empresa. Unha dinámica coñecida nos anos anteriores polo seu concelleiro de obras e que se poña nunha posición como se vostede non tivera que ter nada co tema. O responsable de dotar de auga, de que haxa dispoñibilidade de auga é do Concello non da empresa. Vostede é o responsable destas facturas e das consecuencias que tivo o seu impago no ano 2025. Eu díxenlle o outro día aquí que había un papeliño onde vostede se comprometía a pagar esas facturas do ano 2023 para que lle subministraran auga no ano 2025. Imos aprobar esas facturas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O Sr. Castro Rocamonde di que para empezar no ano 2023 non se podían pagar estas facturas porque foron emitidas no ano 2024, sospeitoso e curioso que se emitan uno despois, as do ano 2024 foron tramitadas de conformidade e foi comprobado tanto a solicitude como a prestación. Eu non tiven nin teño dúbida en que lado do mostrador estou e sorprendeume sempre que chegou este asunto a pleno, de que lado do mostrador se situaban algúns, eu teño claro que estou no lado da defensa do diñeiro público, e sorpréndeme que ante a reclamación de pagamento por parte dun provedor haxa un peche en favor dese provedor e non do lado da defensa do diñeiro público. En todos os lotes que se presentaban para conformar facturas antes da súa aprobación, en todos os lotes quedaban facturas sen conformar e ter que rexeitar algunha factura é o habitual, non me parece bo xestor o que chegan as facturas e hai que pagalas, e este é un caso máis, escápaseme o interés que había en que estas facturas había que pagalas. Podo mirar para a miña esquerda, pero eu sei perfectamente quen conforma as facturas e antes de chegar nos o goberno que conformaba as facturas é o alcalde que había antes, non o concelleiro de obras. Nos cando tivemos oportunidade e unha intervención no Concello que funcionou, nos fixemos a contratación e o pago dos servizos e o seu control conforme tiña que ser e así se fixo no ano 2024.

O Sr. alcalde di que este discurso último é curioso, 8 de agosto do presente ano, correo electrónico de Roberto Castro Rocamonde enviado o xoves 7 de agosto para manuel@trastambre.com *"Relativo as facturas presentadas por Trastambre correspondente ao transporte de auga no ano 2023 conforme ao procedemento administrativo que corresponda estas facturas serán pagadas. O que lle comunico a vostede aos efectos oportunos".* Con isto queda claro a que xogamos aquí, iste é o papeliño do que lle falei o outro día.

O Sr. Roberto Castro, intervén por alusións dicindo que a tramitación das facturas polo procedemento legalmente establecido, eu non levanto o reparo e o teño claro, por iso nunca trouxen a Pleno esta cuestión. O procedemento é que hai un reparo de intervención e eu nos termos do reparo de intervención non o levanto, se eu teño un informe de intervención que me da ok ao pagamento, teño que aprobalas, pero tendo un informe de intervención que me pon un reparo nos termos nos que o fai eu non levanto ese reparo. Recoñece a autoría do correo electrónico.

O Sr. alcade di que tiña as súas dúbidas sobre este recoñecemento porque o ordenador estaba reseteado, unha forma de eliminar probas, pero claro os correos electrónicos cando se envían terminan no outro lado.

VOTACIÓN

Procédese a votación, resultando aprobada a proposta de convalidación da omisión da función interventora, por maioría absoluta por sete votos a favor (5 concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito), unha abstención do Concelleiro do PG e o voto en contra dos tres concelleiros de MVXT; sendo once o número legal de membros da Corporación.

4 EXPEDIENTE 2025/T002/000019. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS SEGUNDA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

O Sr. alcalde di que basicamente esta modificación está destinada a financiar os proxectos de reparación e renovación do abastecemento municipal de auga nunha palabra. Os proxectos de reforma de bombeo e tubaxe de impulsión, así como o da piscina municipal, xunto co que acabamos de aprobar respecto das facturas do ano 2023, financiados a través dun suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesouraría, e fai un resumo da seguinte proposta que consta no expediente:

En relación co expediente relativo á aprobación de modificación de créditos núm. 2025/T002/000019 do orzamento en vigor, primeira na modalidade de suplemento de crédito, vistos os informes favorables de Secretaría-Intervención emitidos en data 7 de novembro de 2025.

Ao abeiro da Memoria que forma parte do expediente na que se fai constar o seguinte:

Primeiro. En relación co expediente 2025/X999/000077. Aprobación facturas subministro de auga potable ano 2023, onde consta informe de secretaría-intervención no que consta de xeito textual:

Con carácter previo á tramitación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos, terase que resolver a omisión da función interventora nos termos establecidos no artigo 28 do RD 424/2017, a fin de que, unha vez emitido o informe preceptivo da intervención, o Pleno da Corporación decida se continúa ou non o procedemento e demais actuacións que, no seu caso, procedan.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Non existe no presuposto de 2025 crédito na partida 161.22101 nin na bolsa de vinculación do estado de gastos para sufragar os gastos derivados da subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023, por importe total de 92.331,73 €.

Segundo. En relación a existencia de determinados investimentos relacionados con inversions en bens patrimoniais, infraestruturas deportivas e hidráulicas, estas dúas últimas coa finalidade de mellorar o servizo de abastecemento municipal de auga.

Faise precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento da Corporación baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	***Descrición***	***Importe modificación***
Partida 161.22101	*Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.*	*92.331,73 €*
Partida 336.68900	*Restauración do cruceiro de Calvos. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.*	*13.806,31 €*
Partida 336.68900	*Actuación arqueolóxica no Couto de San Sebastián. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.*	*18.148,63 €*
Partida 342.63200	*Renovación das instalacións da piscina municipal e construcción de novo vaso infantil. Produción de bens públicos de carácter preferente, deportes, instalacións deportivas. Inversións reais, inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos, edificios e outras construcións.*	*273.460,98 €*
Partida 452.63900	*Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro 1ª fase Renovación de ramais de abastecemento en Loxo-Enqurentes Actuacións de carácter económico. Infraestruturas, recursos hidráulicos. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.*	*631.256,46 € 96.482,83 €*

2º. Financiación

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais, nos seguintes termos:

Concepto	***Denominación***	***Importe modificación***
87000	*Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.*	*1.125.486,94 €*

3. º Xustificación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O carácter específico e determinado dos gastos a realizar e a imposibilidade de demoralos a exercicios posteriores

A realización do expediente de modificación de crédito está xustificada:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores por tratarse de finazamento de investimentos adxudicados.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que se verifica no nivel en que está establecida a vinculación xurídica.

O Alcalde-Presidente, propón ao Pleno da Corporación:

***PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/T002/000019 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 1.125.486,94 €*

Os importes aplicados aos diferentes destinos, con base no informe de Intervención, son:

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	***Descrición***	***Importe modificación***
Partida 161.22101	*Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.*	*92.331,73 €*
Partida 336.68900	*Restauración do cruceiro de Calvos Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.*	*13.806,31 €*
Partida 336.68900	*Actuación arqueolóxica no Couto de San Sebastián. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.*	*18.148,63 €*
Partida 342.63200	*Renovación das instalacións da piscina municipal e construcción de novo vaso infantil. Produción de bens públicos de carácter preferente, deportes, instalacións deportivas. Inversións reais, inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos, edificios e outras construcións.*	*273.460,98 €*
Partida 452.63900	*Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro 1ª fase Renovación de ramais de abastecemento en Loxo-Enqurentes Actuacións de carácter económico. Infraestruturas, recursos hidráulicos. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.*	*631.256,46 € 96.482,83 €*

Financiación

Concepto	***Denominación***	***Importe modificación***
87000	*Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.*	*1.125.486,94 €*

***SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas; e se aprobe a concertación da operación de préstamo e se proceda a súa adxudicación, que financia a citada modificación.*

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TERCEIRO. *O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.*

INTERVENCIÓNS

O Sr. Alcalde di que os importes derivan dos proxectos redactados pola empresa CIMARQ que ten contratado o servizo co Concello, no proxecto detectouse un erro na que o redactor do proxecto en base a unha memoria que lle pasou a concesionaria Espina y Delfín, pretendía xustificar o dimensionamento da tubaxe e da xustificación de necesidades facendo un copia e pega dun proxecto que fixera Espina Y Delfín para Cobre San Rafael no seu momento, non me doen prendas en recoñecer que o erro foi detectado primeiro pola oposición, pola premura non nos deu tempo a revisalo e detectado o erro, do que Movemento fixo o seu uso partidista na súa páxina de facebook, e suprimiuse ese tema. Non é obxecto desta sesión aprobar ese proxecto, senón determinar a financiación necesaria para levalos a cabo, no seu momento traerase o proxecto a Pleno para a súa aprobación, e estará perfectamente xustificado a necesidade de aumento de caudal, que é evidente, facendo un resumo das compras de auga nos últimos cinco anos que ascende no seu total a 247.364,85 €, isto xustifica por si solo a necesidade de aumentar o bombeo que conleva a necesidade de solicitar o aumento da concesión á Augas de Galicia, a necesidade de executar as obras e urxencia de executalas para no ano que ven ter estas obras en funcionamento nos meses de xuño-xullo de 2026.

O Voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Castro Rocamonde, di que empezando polo proxecto de ampliación da captación do Río Lañas mediante a execución dun nova tubaxe e bombeo. O proxecto foi ditaminado favorablemente na Comisión informativa polos votos únicos dos cinco concelleiros do PP e do Concelleiro non adscrito, como é normal en todo proxecto empeza cunha xustificación da necesidade e da solución adoptada, consta no proxecto que a memoria valorada foi facilitada polo Concello polo que minte o alcalde cando dixo que fora un corta e pega dun proxecto de Espina y Delfín para Cobre San Rafael. O esencial en calquera proxecto é a xustificación da necesidade, nesa cuantificación da necesidade o que fai é copiar do proxecto actual de xeito literal de Cobre San Rafael en trámite, collendo o anexo XXI, o que trata é de cuantificar as necesidades de auga como consecuencia da implantación do proxecto da mina, incluída a necesidade de dotar de auga aos catrocentos traballadores da mina, polo que é un proxecto para as necesidades da futura mina ou en todo caso para facilitar a tramitación do expediente ante as administracións competentes. Se o Concello valida e executa e paga con diñeiro público estas infraestruturas necesarias para a mina xa le queda unha parte de autorización do proxecto achanzada, este é o proxecto que se somete a votación e non outro. O anterior alcalde do PP, Ignacio Codesido, que argumentaba o seu posicionamento en favor da mina nunca se atreveu sequera a facilitarlle esta tramitación e moito menos en investir setecentos e pico mil euros de diñeiro público para cubrir as necesidades de Cobre San Rafael, isto é destino de diñeiro público para a promoción dunha actividade privada, xa lle adianto que véxolle difícil encaixe que prospere a modificación de créditos neste senso, polo que pido que retiren este proxecto e encarguen un proxecto en función das necesidades, facendo un estudio delas con rigor e partir de aí adoptar unha solución. Non nos queda outra que votar en contra.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que é unha modificación por un importe moi elevado polo que hai que fiar moi fino sobre cales son as obras que se van a incluír para facer esta modificación de crédito, as das facturas, do cruceiro de Calvos trouxen tres mocións e a contía é pequena, a actuación do Coto de San Sebastián non nos parece tan urxente incluso presentamos unha moción pola liña de subvencións que sacou a Deputación e cremos que podería encaixar aí e podería financiarse coa axuda. A achega máis importante está a obra da piscina, na que presentamos unha moción para que este asunto se incluíse no Pos Adicional 4 e se nos dixo que non senón non daba tempo e volvemos ao tema da auga, hai algo que chirría a cuestión de Cobre San Rafael pero trátase de resolver o problema da auga no que coincidimos todos e que un dos problemas deriva da captación e do bombeo, problema moi serio, polo que o BNG non se vai opoñer; é necesario facelo e os investimento hai que facelos con vistas a medio prazo. Pedimos rigor cando se fan estes proxectos, o que si,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

porque Cobre San Rafael precise auga non imos castigar aos veciños sen auga. Polo que non nos imos opor a esta modificación de crédito.

O Concelleiro non adscrito, Darío Rey, di que a cantidade de burradas que escotei do exalcalde, que por algo é exalcalde, é consciente de todas as manipulacións e falacias que dixo, eu que levo loitando contra a mina dende 2017 ditaminei favorablemente un proxecto de Cobre San Rafael e dimo un veciño de Vedra, o que me parece un cachondeo e cando recibín a noticia estaba en Arinteiro, que é o que se vai votar no Pleno, en que consiste o proxecto; o que se fai que é coller a tubaxe que está desfasada e insuficiente para que teña maior capacidade e mellorar a impulsión porque as bombas que hai hoxe son de broma. Que argumente que o máis importante dun proxecto é a xustificación da necesidade da obra, non o cre nin vostede, é pura literatura aínda que manipule aquí. A clave son as obras a executar, e vostede sabeo e está de acordo porque lle dou traslado á empresa e Augas de Galicia a necesidade de mellorar a captación. Non hai mina e esperamos que non a haxa nunca, o principal consumidor actualmente é un industria agroalimentaria, sobre a que vostede e o seu goberno pedíronlle que consumiran menos auga, o que significa pedirlle que reduzan a súa produción, e vai aumentar o 80 % o seu consumo de auga, polo que se quere poñemos a tubaxe máis pequena, e sabe que o consumo subiu e cada vez hai máis enganches e pretendemos darlle auga no futuro as ganderías. Hoxe non se aproba o proxecto, díxolle a empresa que a xustificación é unha auténtica chafallada e que ten que facer os cálculos das necesidades. Faga o que queira, manipule o que que queira, poderá estar en contra da mina, pero os fitos déixano en evidencia, máis que min dende logo que non.

O Sr. alcalde que o acaba de explicar o Concelleiro Darío, hoxe non se aproban os proxectos, tráense aquí para calcular a financiación, ninguén discute as obras, todo esta supeditado ao que nos conceda Augas de Galicia, traerémolo no seu momento a aprobación e a referencia a Cobre San Rafael é un erro do redactor do proxecto, pon que lle facilitou a memoria o Concello, pero foi Espina e Delfín porque é quen debería coñecer as necesidades de consumo.

Movemento Veciñal terá que aclarar se quere que os veciños de Touro dispoñan de auga no abastecemento ou non; parece que lle molesta que nos en tres meses de goberno sexamos capaces de intentar resolver o problema e traer propostas que sería un primeira fase porque temos un compromiso da Consellería e Medio Ambiente conseguido por este goberno para o cambio da ETAP que case acada o millón de euros. Isto pon en evidencia a incapacidade do goberno anterior neste asunto.

O Sr. Castro Rocamonde, voceiro de Movemento Veciñal di que o que se trae aquí a votación son documentos escritos asinados, ditaminados pola Comisión Informativa, o predicamento non se somete a votación. Eu nesa Comisión dixen que votaba en falla o cálculo do deseño e calaron porque non lle facía falla, a ninguén lle fan crer que a referencia a Cobre San Rafael é un erro, quixérono meter así, que unha vez que fixemos público este documento, primeiro déronnos resposta cun desmentido que non desminte que o que fai é ratificar o que nos dixemos incluso con xuízos de valor e pouca estética e agora din que ocultan esa parte do proxecto onde pon mina e seguen cos mesmos cálculos e os mesmos resultados, polo tanto o que lle pido é que retiren o proxecto e o presenten co deseño de cálculos das necesidades e engadir que tamén se inclúe na modificación de crédito noventa e pico mil euros para o pagamento desas facturas que no punto anterior votamos en contra polo que non imos votar a favor a modificación.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey di que ven co guión da casa, pode repetilo un cento de veces o de Cobre San Rafael, conte as películas que queira, dende esta concellería vaise dar conta do que se fai, vostede non presentou recurso á declaración de proxecto industrial estratéxico da mina de Touro e dixo aquí qu so quedaba o dereito á pataleta e digo que se hai unha DIA favorable este concelleiro non vai chagar aquí é dicir iso, tampouco se personou nos procedementos xudiciais como interesado pese a que o Concello é o prexudicado, xa se están facendo os trámites para persoarse coa finalidade de que se leve a cabo a xustiza ambiental.

O Sr. alcalde di que pode dicir o que queira, pero na pasada Comisión Informativa o que se ditaminou foi a modificación de crédito, non outra cousa, non se someteu nin a ditame nin a aprobación o proxecto, fago esta precisión para que quede claro, non enrede vostede, non imos aprobar hoxe o proxecto senón a modificación. Teño dúbidas de que vostedes queiran arranxar o problema da auga no Concello de Touro.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

VOTACIÓN

Procédese a votación da proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos, resultando aprobada por maioría absoluta ditaminada favorablemente por sete votos a favor (5 Concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscritos), a abstención do Concelleiro do PG e o voto en contra dos tres Concelleiros de Movemento Veciñal, sendo once o número legal de membros.

5 EXPEDIENTE 2025/X999/000078. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO (REC) Nº 1/2025

O Sr. Alcalde di que isto que é consecuencia do expediente de convalidación e continuación do punto terceiro da Orde do día. Consta no expediente a proposta que ase reflicte a continuación:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente os créditos, por un importe total de 92.331,73 €, para o pago das facturas relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.

TERCEIRO	***CONCEPTO***	***Nº DE FACTURA***	***DATA DE FACTURA***	***DATA E Nº DE REXISTRO***	***PARTIDA ORZAMEN-TARIA***	***IMPORTE***
TRASTAMBRE, S.L. B15518012	*Subministro m3 auga potable agosto*	*2023/2325*	*13.08.2024*	*13/08/2024 2024/2831*	*161.22101*	*6.320,89 €*
	Subministro m3 auga potable, aluguer bombas e mangueiras agosto	*2023/2326*	*13.08.2024*	*13/08/2024 2024/2832*	*161.22101*	*55.601,01 €*
	Subministro m3 auga potable, aluguer bombas e mangueiras setembro	*2023/2582*	*13.08.2024*	*13/08/2024 2024/2833*	*161.22101*	*24.567,54 €*
	Subministro m3 auga potable setembro	*2023/2583*	*13.08.2024*	*14/08/2024 2024/2838*	*161.22101*	*2.796,65 €*
	Subministro m3 auga potable aluguer bombas e mangueiras outubro	*2023/2976*	*13.08.2024*	*13/08/2024 2024/2839*	*161.22101*	*2.758,80 €*
	Subministro m3 auga potable outubro	*2023/2977*	*13.08.2024*	*13/08/2024 2024/2834*	*161.22101*	*286,84 €*

No expediente quedou acreditado que esta obriga económica pendente foi indebidamente adquirida por concorrer algún dos supostos que recolle o Tribunal de Contas na súa clasificación de obligacións indebidamente adquiridas.

Vistos os informes de secretaría–intervención de data 23.10.2025 e 27.10.2025, emitidos no expedientes omisión da función interventora.

Á vista dos seguintes antecedentes, se o pleno acorda continuar co procedemento convalidando a omisión da función interventora e aprobación do expediente de suplemento de crédito, esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ***ACORDO***

PRIMEIRO. *Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos seguinte, correspondente ao exercicio 2024 e aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas pola cantidade de 92.331,73 €, por considerar xustificada adecuadamente que o subministro realizouse e que as prestacións se levaron a cabo efectivamente e de que o seu prezo se axusta ao prezo de mercado que aconsella non acudir á vía*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

da revisión de oficio polos graves prexuízos que iso podería ocasionar para os terceiros que actúan de boa fe.

TERCEIRO	CONCEPTO	Nº DE FACTURA	DATA DE FACTURA	DATA E Nº DE REXISTRO	PARTIDA ORZAMEN-TARIA	IMPORTE
TRASTAMBRE, S.L. B15518012	Subministro m3 auga potable agosto	2023/2325	13.08.2024	13/08/2024 2024/2831	161.22101	6.320,89 €
	Subministro m3 auga potable, aluguer bombas e mangueiras agosto	2023/2326	13.08.2024	13/08/2024 2024/2832	161.22101	55.601,01 €
	Subministro m3 auga potable, aluguer bombas e mangueiras setembro	2023/2582	13.08.2024	13/08/2024 2024/2833	161.22101	24.567,54 €
	Subministro m3 auga potable setembro	2023/2583	13.08.2024	14/08/2024 2024/2838	161.22101	2.796,65 €
	Subministro m3 auga potable aluguer bombas e mangueiras outubro	2023/2976	13.08.2024	13/08/2024 2024/2839	161.22101	2.758,80 €
	Subministro m3 auga potable outubro	2023/2977	13.08.2024	13/08/2024 2024/2834	161.22101	286,84 €

SEGUNDO. *Librar a cantidade de 92.331,73 € euros á TRASTAMBRE, S.L. con C.I.F. B15518012 para o pago das facturas relativas á subministración de auga mediante camións cisterna, destinadas a paliar situacións puntuais de falta de abastecemento no municipio nos meses de agosto, setembro e outubro de 2023.*

TERCEIRO. *O presente acordo está sometido a necesidade de aprobación dos expedientes de convalidación da omisión da función interventora e aprobación do expediente de suplemento de crédito, polo que a súa efectividade está condicionada e non producirá efectos ata que se produza a aprobación defintiva dos citados expedientes.*

INTERVENCIÓNS

Non se producen

VOTACIÓN

Procédese a votación da proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, resultando aprobada por maioría absoluta ditaminada favorablemente por sete votos a favor (5 Concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscritos), a abstención do Concelleiro do PG e o voto en contra dos tres Concelleiros de Movemento Veciñal, sendo once o número legal de membros.

II PARTE DE CONTROL

6 EXPEDIENTE 2025/G006/000329. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 6 DE OUTUBRO E O 9 DE NOVEMBRO DE 2025 TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de outubro e o 9 de novembro de 2025

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 6 de outubro e o 9 de novembro de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000378	EXPEDIENTE 2025/X999/000070. Aprobación e pago factura servizo Conciliación - madrugadores setembro.	372/2025	06-10-2025
2025/G003/000379	EXPEDIENTE 2025/G010/000014. Pleno sesión ordinaria 9 de outubro de 2025. Convocatoria.	373/2025	06-10-2025
2025/G003/000380	EXPEDIENTE 2025/X999/000061. Folga SAF 15.10.2025 Fixación servizos mínimos.	374/2025	09-10-2025
2025/G003/000382	EXPEDIENTE 2024/I002/000004. Limpeza de finca para prevención de incendios forestais no Lg. de Loureda, Loxo. Referencia Catastral 15086A517009640000UH.	375/2025	13-10-2025
2025/G003/000381	EXPEDIENTE 2024/I002/000013. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no Lg. O Cotiño, Loxo. Referencia Catastral 15086A517008390000UY	376/2025	13-10-2025
2025/G003/000384	EXPEDIENTE 2025/A008/000040. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+Adicional 2/2025”. Proxecto de mellora de camiños rurais. Anexo IX POS ADICIONAL 2-2025 Non división en lotes.	377/2025	13-10-2025
2025/G003/000383	EXPEDIENTE 2025/G007/000012. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 14 de outubro de 2025. Convocatoria.	378/2025	13-10-2025
2025/G003/000385	EXPEDIENTE 2025/G003/000385. Liquidacións por internecións do Consorcio Contraincendios e Salvamento de A Coruña	379/2025	13-10-2025
2025/G003/000386	EXPEDIENTE 2025/C003/000008. "Reforma e adecuación de local para de centro de formación”.Incoación expediente resolución mutuo acordo contrato	380/2025	15-10-2025
2025/G003/000388	EXPEDIENTE 2025/X999/000075. Pagamento IRPF 3ºT-2025	381/2025	20-10-2025
2025/G003/000390	EXPEDIENTE 2025/X999/000061. Folga SAF, servizos mínimos folga SAF 24 outubro e 4 novembro de 2025.	382/2025	21-10-2025
2025/G003/000392	EXPEDIENTE 2025/G003/000392. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de outubro de 2025	383/2025	24-10-2025
2025/G003/000394	EXPEDIENTE 2025/G003/000394 Renovación da tarxeta de estacionamento	384/2025	24-10-2025
2025/G003/000393	EXPEDIENTE 2025/G003/000393. Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de outubro de 2025	385/2025	24-10-2025
2025/G003/000391	EXPEDIENTE 2025/G003/000391. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de outubro 2025)	386/2025	24-10-2025
2025/G003/000387	EXPEDIENTE 2025/I003/000002. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Festa da terceira idade 2025".	387/2025	24-10-2025
2025/G003/000395	EXPEDIENTE 2025/G007/000013. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 28 de outubro de 2025	388/2025	28-10-2025
2025/G003/000396	“EXPEDIENTE 2025/I003/000001. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Pista dePádel en Fonte Díaz", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2024). Compensación de débedas non tributarias de iniciativa de oficio.	389/2025	27-10-2025
2025/G003/000402	Expediente 2025/A008/000046. Solicitude de subvención a concellos e outras entidades locais para financiar gasto de persoal nos servizos municipais de cultura en 2026.	390/2025	30-10-2025
2025/G003/000401	Expediente 2025/A008/000048. Solicitude de subvención a concellos e outras entidades locais para financiar gasto de persoal nos servizos municipais de deportes en 2026.	391/2025	30-10-2025
2025/G003/000400	Expediente 2025/A008/000045. Solicitude do programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña para socorrismo durante o exercicio 2026.	392/2025	30-10-2025
2025/G003/000399	EXPEDIENTE 2025/X999/000080. Nóminas outubro 2025.	393/2025	30-10-2025
2025/G003/000398	EXPEDIENTE 2025/G003/000398 Anulación recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio	394/2025	30-10-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

	2025. Número fixo: 253000555533		
2025/G003/000397	EXPEDIENTE 2025/G003/000397 Liquidación por intervención do Consorcio Contraincendios e Salvamento de A Coruña no lugar de Forte (Beseño)	395/2025	30-10-2025
2025/G003/000408	"EXPEDIENTE 2025/I003/000001. Imposición penalidades incumprimento do contrato "Pista de Pádel en Fonte Díaz", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2024). Conclusión do expediente e arquivo de compensación de débedas non tributarias de iniciativa de oficio.	396/2025	06-11-2025
2025/G003/000407	EXPEDIENTE 2025/S002/000084. Baixa SAF dependencia.	397/2025	06-11-2025
2025/G003/000406	EXPEDIENTE 2025/S001/000004. Solicitude baixa Programa Xantar na Casa	398/2025	06-11-2025
2025/G003/000405	Expediente 2025/A008/000049. Solicitude de subvención ao abeiro das Bases do programa de subvencións a concellos e entidades locais para finaciamento dos servizos sociais comunitarios e municipais durante o ano 2026 (FOPPSS/2026)	399/2025	06-11-2025
2025/G003/000404	Expediente 2025/A008/000047. Solicitude de subvención ao abeiro do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2026.	400/2025	06-11-2025
2025/G003/000410	EXPEDIENTE 2025/S002/000085. Modificación Servicio Axuda no Fogar	401/2025	07-11-2025
2025/G003/000409	EXPEDIENTE 2025/G012/000008. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 10 de novembro de 2025.	402/2025	07-11-2025
2025/G003/000411	EXPEDIENTE 2025/G003/000411. Solicitude de tarxeta de estacionamento e accesibilidade	403/2025	07-11-2025

O Pleno dase por enterado.

7 MOCIÓNS.

7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MOVEMENTO VECIÑAL DE TOURO PARA O PROXECTO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA PLANTA DE RECUPERACIÓN DE METAIS EN TOURO.

O voceiro do Grupo Municipal de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

No pasado verán coñecimos a comunicación do Ministerio de Industria de non incluír o Proxecto GAMA, máis coñecido como proxecto ALTRI, promovido pola empresa Greenfiber S.L., entre os financiados polos fondos PERTE de descarbonización ó non acadar a puntuación mínima esixida para ese financiamento público. 7

Máis recentemente coñecimos tamén a decisión do goberno central de denegar a construción da subestación eléctrica necesaria para abastecer de enerxía a fábrica.

A pasada semana enterámonos, ademais, da crise bursátil das empresas Altri, ENCE e Navigator ante os resultados das súas operacións mercantís e a caída do prezo da celulosa, que se traduce nunhas perdas de entre o 12 e o 18% do valor destas empresas en bolsa.

Previo a iso, no período de exposición pública do Proxecto Altri por parte da Xunta de Galicia, o goberno do Movemento Veciñal de Touro presentou alegacións subliñando os graves impactos ambientais do proxecto sobre o río Ulla, do que previsiblemente nos teñamos que abastecer para consumo humano proximamente, e a ria de Arousa, ou sobre os valores sensoriais do Camiño de Santiago e a ruta Eurovelo 3, entre outros.

A maiores, no período de avaliación por parte do Ministerio de Industria e Turismo na primavera deste 2025, o Concello de Touro, comunicouse co Ministerio para solicitar a denegación deses fondos PERTE e estudar a posibilidade de dedicalos a unha industria de recuperación de metais estratéxicos en Touro.

As novas máis recentes sobre a inviabilidade do proxecto de ALTRI, deixan a porta aberta a que eses fondos públicos se invistan efectivamente en proxectos públicos, estratéxicos e sostibles, como puidera ser o proposto Centro de Recuperación de Metais, no que o Estado español xa ten certa

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

experiencia ó desenvolver o proxecto RC-Metals guiado polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Por todo o exposto e máis, propoñemos o seguinte ACORDO:

1. Reiterar a solicitude ó Ministerio de Industria e Turismo, e estendela ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e ó Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, para o desenvolvemento e financiamento, por medio do CSIC, e en colaboración coas universidades públicas galegas e as correspondentes entidades autonómicas e locais, dun Centro de Recuperación de Metais de titularidade pública en Touro.

INTERVENCIÓNS

O Sr. Xoan Louzao, voceiro do BNG di que está de acordo.

O Concelleiro non adscrito, Sr. Darío Rey di que non foi froito da primaveira de 2025, senón dunha proposta deste concelleiro cando gobernaba Ignacio Codesido, agradézolle e paréceme un alago que traia esta proposta, e fágome dúas preguntas para poder materializalo a que tipo de convocatoria de Fondos Next Generation se refire e se fixo algún trámite e se sabe a convocatoria a que podemos concorrer estaremos todos de acordo e se ten algún proxecto redactado ou puxo terreos a disposición para elo.

O Sr. alcalde di que exposta a falla de concreción, estamos a favor, pero haberá que concretalo dalgún xeito.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

7.2. MOCIÓN PARA SOLICITAR SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN ESPECIAL SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL.

O voceiro do Grupo Municipal Do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

No DOP do 15/X/2025 publícanse as bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións a concellos para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal no ano 2026.

Dito programa contempla que os concellos da provincia cunha población inferior a 50.000 habitantes poidan acollerse as axudas para as actuacións sobre o patrimonio cultural, articulado nunha liña de subvencións para realizar actuacións de salvagarda do patrimonio histórico-artístico cultural cun mínimo de 30.000€ por actuación e un máximo de 150.000,00 €, dos que a Deputación financiará o 80% e o concello o 20% restante.

O tipo de bens sobre os que se pode actuar son os espazos públicos e inmobles con valor históricoartístico ou cultural ou con valor tipolóxico e etnográfico, e dos elementos integrados nos mesmos, que sexan bens declaradas BIC ou catalogados.

Consideramos que no concello de Touro hai bens patrimoniais que cumpren as condicións para que sexan incluídos neste programa e se proceda así, ou ben a súa restauración, (cruceiro de Calvos) ou a continuación dos traballos de prospección e estudo (campamento romano do Castrillón) ou incluso a prospección de algún castro aproveitando para tal fin esta liña de axudas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte

ACORDO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

1. O concello de Touro acollerase a liña de axudas descritas arriba e solicitará subvención para o arranxo e reahabilitación do castro de Calvos así como estudará a posibilidade de solicitala tamén para seguir co estudo do campamento romano do Castrillón en Loxo, sen perxuizo de que se poida considerar algunha outra actuación subvencionable de considerala prioritaria.

Explica que ten que estar catalogado o ben, iso non é problema, pero hai que ter a dispoñibilidade dos terreos. A finalidade é aproveitar esta vía de financiación.

INTERVENCIÓNS

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Castro Rocamonde di que o Castro de Calvos hai un proxecto presentado do GDR.

O Sr. alcalde di que a día de hoxe ese proxecto quedou en reserva, entrariamos se hai unha renuncia polo Concello de Toques do seu proxecto, que non o ten claro.

O Concelleiro non adscrito di que o día que saíu a convocatoria mandeilla ao alcalde e vaise organizar unha xornada de Patrimonio Oculto o vindeiro sábado e un dos puntos a visitar é o Castrillón, e lugares que non soe estar abertos ao público como Pazo de Andeade ou a bodega do Lagar de Bendaña.
O Sr. alcalde di que respecto a moción temos un montón de Castros en todo o municipio e se temos a dispoñibilidade dos terreos facer os proxectos e darlle para adiante.

VOTACIÓNS

Procédese a votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

8 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao pregunta:

1. Se se ten previsto asfaltar o acceso ao Punto Limpo.

O Sr. alcalde di que non o teñen falado, pero lle parece interesante necesaria.

2. Aparece nunha das actas da Comisión que se pagou a un asesor xurídico 5.227,00 €, a pregunta e se vai seguir mantendo e pagando esta asesoría xurídica, cun custo tan elevado que habería que sacalo a licitación, creo que xa o preguntara o anterior goberno.

O Sr. alcalde di que van estudar dúas posibilidades, se é imprescindible esta asesoría e se o é sacala a licitación, e os traballos que está facendo aparte da redacción de pregos, levando Mesas de contratación que penso que o debía asumir persoal do Concello, tampouco temos todo o persoal necesario para este temas, e aproveito que temos externalizada a contabilidade e tampouco estamos de acordo e no seu momento a intención e que se faga con persoal municipal. Procederemos a unha revisión da relación de postos de traballo coa finalidade de que se preste por persoal municipal.

O Concelleiro do PG, Sr. Jesús Martínez pregunta:

1. Polo saneamento da Quintá, par o que se nos concedera unha subvención.

O Sr. alcalde di que hai un problema, e fixo o último día de presentación de ofertas á licitación do contrato menor unha xestión con Espina e Hermanos Couto Fandiño para ver se presentaban oferta xa que o técnico redactor do proxecto dixo que había dispoñibilidade dos equipos a instalar, Hermanos Couto presentou oferta pero vese incapaz de conseguir os equipos nos prazos que require a subvención de Augas de Galicia, imos perder a subvención e cando estea o quipo instalarase e financialo con fondos municipais, non podemos dicir que hai un incumprimento do contrato porque fomos nos os que lle pedimos que se presentaran para non perder a subvención e aínda de hoxe non se da conseguido.

2. Pregunta pola Senda da Toxa a Igrexa en Quión

O Sr. alcalde di que estaba pendente dun tema de Patrimonio, solicitouse unha prórroga á Deputación.

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O secretario-interventor di que está pendente de que Deputación aprobe o modificado do proxecto.

3. Pregunta polas obras das fosas de Obra e Abelenda.

O Sr. alcalde di que a de Obra está pendente da autorización do vertido.

O secretario-interventor di que respecto da de Abelenda está todo, pero dende o outro día, fará quince días que chegou a autorización de vertido.

O Sr. alcalde di que pensaba que se me ía facer unha pregunta e non se me fixo, e da conta da xustificación dos tratamentos preventivos que Movemento Veciñal fixo unhas publicacións de que non habiamos xustificado nin o 50 %, o que supón unha parte importante da subvención e como se nos quere atribuír a culpa a nos, en teoría tiña que empezar o día 1 de xuño e quero dar conta que dende ese día ao 13 de agosto non se había desbrozado un so metro cadrado, empezáronse dende que nos tomamos posesión con dous tractores, durante ano e medio un dos tractores estivo parado por non contratar persoal e non fixeron absolutamente nada do que se comprometeron a facer, creo que é de xustiza que cada un asuma as súas responsabilidades.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.46 horas do 11 de novembro de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 5S0Uv9WLObxpntpKFLHf Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/